

A PEDRA QUE FALA

Unha achega desde a
toponimia e a literatura
á cultura sonolítica

Colectivo
RUPESTRE SONORO
de aCentral Folque
Paula Ballesteros
Alba Cid
Xoán-Xil

O son, en tanto fenómeno vibratorio, xera enerxía e movemento. A capacidade dunha pedra para amplificar, reflectir ou emitir un son fai que a súa presenza inerte adquira unha aura de animismo e se nos manifeste como un ser que pode responder, bruar, asubiar, roncar, tintinar e mesmo estremeirse. As propiedades acústicas de determinadas pedras eríxenas como fitos no territorio. En palabras do teórico da escoita da paisaxe Murray Schafer, constitúen unha marca sonora “aqueles sons que adquiren un valor simbólico e afectivo” para unha determinada comunidade.

Na parroquia compostelana de San Xoán de Fecha localízase unha parcela agraria coñecida como **A Pedra que fala**. Tal parcela ascende até un outeiro próximo presidido por un singular afloramento granítico que conserva gravados rupestres. A Pedra que fala mantén aínda hoxe, algo atenuadas, unhas singularidades acústicas que foron motivo de atención por parte do Colectivo Rupestre Sonoro, unha produción artístico-documental de aCentral Folque que desde 2019 iniciou un proceso no que profundar na comprensión e aproveitamento destas marcas sonoras no caso galego. Nel conxúganse o traballo de campo, a reflexión teórica, a creación literaria, a *performance* sonora e a reivindicación do común.

PROGRAMA

10 DE MARZO

19:00-20:30 h Facultade de Filoloxía

Marcas sonoras no territorio:

significación cultural e aproveitamentos.

Xoán Xil López e Paula Ballesteros.

Convidadas: Josefa Iglesias Noya
e Marisa Gil Nieto

17 DE MARZO

19:00-20:30 h Facultade de Filoloxía

A paisaxe como actante: memoria e toponimia no texto literario.


Alba Cid

24 DE MARZO

18:00-20:00 h A Pedra que fala, Vilar de Rei, San
Xoán de Fecha

Inmersión sonora.

Colectivo Rupestre Sonoro



1ª SESIÓN. Marcas sonoras no territorio: Significación cultural e aproveitamentos.

CONDUCIDA POLO ARTISTA SONORO XOÁN XIL LÓPEZ E A
ANTROPÓLOGA PAULA BALLESTEROS

Xoán-Xil López, director artístico de Rupestre Sonoro, presenta e introduce de forma concisa e directa as implicacións sociais, culturais e artísticas das marcas sonoras e descóbrenos a relevancia deste fenómeno no territorio do noroeste peninsular.

Paula Ballesteros traballa no Incipit CSIC para un estudo de caso de ViteArquiva, un proxecto de xeración colaborativa de coñecemento en torno ao patrimonio inmaterial en Vite. Velaí un motivo que cómpre ter presente para interrelacionar sinerxías colectivas, de coñecemento, de xente e de barrio. Vite acolleu e acolle a distintas familias chegadas das parroquias rurais do norte do municipio. Entre elas, varias de San Xoán de Fecha. Unha desas conveciñas é Fina (Josefa Iglesias Noya), a propietaria da parcela que ocupa o perímetro central da Pedra que fala.

Nesta primeira sesión, Paula conversará con Fina e Marisa Gil Nieto, veciña de San Xoán de Fecha e presidenta da Asociación ambientalista A Pedra que fala, sobre a significación dese espazo/topónimo en particular abríndose a onde as derivas das memorias (que tamén son as do barrio de Vite) nos poidan levar. Abordaranse algúns aproveitamentos da toponimia para o estudo antropolóxico e haberá tempo para procurar a interacción coas participantes ás que se lles pedirá que (se) interroguen sobre marcas sonoras do seu imaxinario persoal.

2ª SESIÓN. A paisaxe como actante: memoria e toponimia no texto literario.

CONDUCIDA POLA FILÓLOGA E POETA ALBA CID

Apoiándose no arquivo xa compilado, esta sesión procura explorar os modos nos que os materiais da memoria, a toponimia e a paisaxe do lugar toman corpo no texto literario escrito para a proposta escénica. Como autora cun interese manifesto por etimoloxías, historias naturais e prácticas culturais diversas, Alba Cid tece unha creación colectiva na que as participantes observan:

- como se crea un texto a partir dunha marca no territorio, incorporando os nomes de lugar e a etimoloxía como estímulo para a reflexión poética.
- como encontran acomodo os materiais da memoria no texto e cal é a súa potencialidade (en formas coma o teatro documento)
- como se trasladan ou se converten en actantes os elementos da paisaxe.

3ª SESIÓN. Inmersión Sonora

CONDUCIDA POLO COLECTIVO RUPESTRE SONORO NA
PEDRA QUE FALA. VILAR DE REI, SAN XOÁN DE FECHA.

O programa rematará cunha experiencia artística *in situ*. Unha *inmersión sonora* deseñada por Xoán-Xil na Pedra que fala para o grupo conformado en Filoloxía. Conta coa participación de Paula Ballesteros, Alba Cid e o propio Xoán-Xil como condutores do evento. A acción desenvolverana, en distinto grao, todas as persoas participantes. Se non fose posible desprazarse á Pedra que fala para desenvolver esta sesión, adaptaríaase unha proposta específica que puidese ser desenvolvida na aula.

*** LIMITE DE PARTICIPANTES MÁXIMO RECOMENDADO: 50**